

Desigualdade na asistencia

Bio ética

XUNTA DE GALICIA

O presente documento foi aprobado pola **Comisión Galega de Bioética**, na sesión realizada o 17 de setembro de 2014, e formaban parte dela os seguintes membros:

Presidente:

Félix Rubial Bernárdez

Vicepresidente:

Juan Antonio Garrido Sanjuán

Secretaria:

Teresa Conde Cid

Vogais:

Begoña Aldamiz-Echevarria Iraurgi

M.^a Concepción Almanza Madera

José Ramón Amor Pan

Rosendo Bugarín González

Natalia Cal Purriños

Fernando Domínguez Puente

Mariana García García

María Victoria Lojo Vicente

Ángel Alfredo Martínez Ques

Elena Monteoliva Díaz

María Ponte García

Antonio Rodríguez Núñez

Mónica Suárez Berea

DESIGUALDADES NA ASISTENCIA SANITARIA

As situacións de desigualdade no acceso á asistencia sanitaria presentes no Sistema de Saúde de Galicia poderían verse incrementadas por mor da crise económica e das medidas adoptadas durante esta.

A publicación do Real decreto lei 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e a seguridade das súas prestacións xerou unha alarma na sociedade á que non é allea a Comisión Galega de Bioética.

En coherencia coa lóxica preocupación ética e social que se xerou, esta comisión levou a cabo un proceso de deliberación sobre a posible existencia dun conflito ético.

A metodoloxía seguida para iso foi formar grupos de traballo que achegasen ao plenario as súas respectivas reflexións sobre:

- 1_** O marco conceptual no que se sustenta a eventual controversia, centrado sobre todo nos termos de desigualdade inxusta, equidade e xustiza distributiva. Asumiuse a “desigualdade inxusta” como aquela que:
 - Reduce na persoa a posibilidade de lograr plenamente o seu potencial de saúde.
 - Non é consecuencia dun acto libremente aceptado.
 - Pode evitarse.
 - É innecesaria.

- 2_** Os fins da medicina, que a Comisión Galega de Bioética sintetizou en proporcionar:
 - A promoción e a conservación da saúde.
 - A atención, a curación e o coidado dos enfermos.
 - O alivio da dor e do sufrimento derivados da enfermidade.
 - A atención adecuada ao final da vida.

- 3_** As reformas producidas na normativa máis significativa en materia de accesibilidade ao sistema sanitario como consecuencia da publicación do Real decreto lei 16/2012. Para facilitar a análise ética, trataron de identificarse os cambios –directos ou indirectos–, así como a posible colisión con outras normas.

- 4_** As situacións detectadas de desigualdade na práctica asistencial ordinaria, que evidenciaron disfuncións cuxa orixe parece que está tanto no propio sistema coma en comportamentos dos profesionais e dos usuarios. Desigualdades derivadas do contexto actual e desigualdades preexistentes.

Despois do tempo transcorrido, esta comisión ve a necesidade e a obriga ética de lle facer chegar á Administración sanitaria unha síntese do esencial da análise que se realizou, sen pretender con iso esgotar a materia nin as valoracións que poidan seguir derivándose da actual situación.

A Comisión Galega de Bioética, na súa función de asesora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, fai as seguintes consideracións:

- O conxunto normativo vixente⁽¹⁾ parece obrigar a que as medidas que se adopten en relación coa sustentabilidade do Sistema de Saúde de Galicia se harmonicen cos seguintes eixes de referencia:
 - a) Os fins da medicina, cuxa protección debe ponderarse antes de calquera outro valor e obxectivo tamén lexítimos.
 - b) A obriga ética de manter un sistema sanitario que non só diminúa as desigualdades en saúde, senón que trate de eliminar as desigualdades inxustas. En definitiva, que as políticas sanitarias ditadas pola Administración sanitaria galega se orienten cara ao obxectivo de lograr a equidade.

 - O Real decreto lei 16/2012, sen unha verdadeira exposición de motivos, puxo en cuestión os principios de universalidade, equidade e gratuidade do modelo ético do Sistema Nacional de Saúde, ao garantir a asistencia sanitaria completa unicamente daquelas persoas que tivesen a condición de aseguradas ou beneficiarias.
- Igualmente, sacudíronse o valor superior da “igualdade”, recollido no artigo 1.1 da Constitución española, e o dereito fundamental á saúde.

- Dende a súa publicación, son numerosas as voces autorizadas que se manifestaron en contra do Real decreto lei 16/2012.

Unha vez transcorridos algo máis de dous anos dende a súa publicación, a pertinencia ética da análise ten a súa razón de ser porque, aínda cando os seus efectos se perciben como parcialmente paliados grazas ao compromiso e ao esforzo dos diferentes axentes e colectivos, iso non derroga esta norma con forza de lei, nin cambia o seu mandato. Mais ben ao contrario, a precariedade que xera esta situación e a denuncia permanente que acompaña o empeño de mitigar os seus efectos no ámbito sanitario, xurídico e social, non fan senón reforzar a valoración negativa que a Comisión Galega de Bioética comparte sobre a devandita norma e fortalecer o seu deber de facer partícipe diso a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a quen asesora.

- No proceso de deliberación realizado, detectáronse distintas fontes favorecedoras de situacións de desigualdade na asistencia sanitaria.

Unha parte destas situacións de desigualdade está instalada no sistema con anterioridade e con independencia da publicación do Real decreto lei 16/2012, mentres que outras están directamente relacionadas con el.

Cómpre seguir profundando na detección e na análise destas para atenualas e para procurar a súa eliminación.

Atinxir este obxectivo só parece posible co compromiso de todos os que conformamos o Sistema de Saúde de Galicia.

A Comisión Galega de Bioética recomenda que, no marco das competencias da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, se adopten e se apliquen as medidas que permitan o obxectivo proposto.

Por isto, ademais do deber ético de deixar constancia destas consideracións ante a Administración sanitaria, vese na obriga de lle propoñer que faga a adecuada difusión deste documento.

(1) (entre outras, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos do 10 de decembro de 1948; a Constitución española do 29 de decembro de 1978; a Lei 14/1986, do 14 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde; a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública; a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia).



**COMISIÓN
GALEGA de
Bioética**